



Concello de Meaño

ACTA DA MESA DE CONTRATACION CONVOCADA PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DO “SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXIANCIA DA SAÚDE DO CONCELLO DE MEAÑO ” .

EXPEDIENTE: 486/2025

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 11:01 horas do día 28 de maio de 2026 reúnese a unidade técnica, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 28/05/2026, nº 2026-0291, integrada por D^a Isabel Amil Níñez, técnica de persoal – A.E.D.L. , D^a María del Mar Pereira García, técnico de xestión e D^a Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para a apertura e valoración das proposicións presentadas na convocatoria de licitación do “Servizo de prevención de riscos laborais e vixiancia da saúde do Concello de Meaño”.

A convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, da contratación do “Servizo de prevención de riscos laborais e vixiancia da saúde do Concello de Meaño” foi publicada no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 13-05-2026, ID 828029, cun prazo de presentación de ofertas ata o día 27 de maio de 2026.

De seguido, a partir das 11:03 horas, accédese ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para proceder á apertura do Sobre , que son as seguintes:

Empresa	Data de presentación	Hora
MAS PREVENCIÓN, SERVICIO DE PREVENCIÓN S.L.U.	22/05/2026	11:16
QUIRON PREVENCIÓN S.L.U.	25/05/2026	13:12
CONSULTORIA INTEGRAL DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES S.L.	26/05/2026	14:32
AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL SLU	26/05/2026	14:40
VITALY HEALTH SERVICES SL	27/05/2026	09:58

Unha vez revisado polos membros da Unidade técnica que o Contido das proposicións se axusta ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen neste procedemento, detéctase que nas popostas de :

- **QUIRON PREVENCIÓN S.L.U.:** o apartado 7 do anexo I non se axusta ao modelo establecido no Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, ao non estar cumprimentado cos datos relativos a





Concello de Meaño

inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo esta inscrición un requisito para participar na licitación (Cláusula 8ª do PCAP).

- **CONSULTORIA INTEGRAL DE PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES S.L. e AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL SLU:** non aportan, tal e como se establece na Cláusula 9.4 do Prego de cláusulas Administrativas Particulares :

- ✓ *“Acreditación da autoridade laboral para actuar como servizo de prevención alleo (conforme ao previsto no artigo 17.2 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención).”*

A vista do que antecede, a Unide técnica acorda requirir as devantidas empresas para que no prazo de 3 días hábiles dende a remisión do requirimento procedan a subsanar ou enmendar as súas proposicións.

E non sendo outro o obxecto desta mesa de contratación dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

